

Lorenzo Rupil, clavecín

Comezou os seus estudos en Udine, a súa cidade natal, e graduouse en Órgano e Composición. Posteriormente ampliou estudos en Friburgo e en Trossingen, con destacados mestres, afondando no coñecemento do repertorio e a interpretación histórica, así como na improvisación para órgano. A práctica da música antiga levouno ao estudo do clavecín, como solista e como acompañante no baixo continuo, para o que tomaría leccións con profesores coma Takashi Watanabe e Rachel Podger. Como organista e clavecinista desenvolve actualmente unha intensa carreira entre Italia e Suíza.

Acadou diversos recoñecementos en competicións de piano, órgano e clavecín. Entre eles destacan, como acompañante, en 2024 o primeiro premio da competición Vox et Organum en Noale, xunto coa *mezzo* soprano Marianna Acito; e máis recentemente o primeiro premio no Concurso Juventudes Musicales de España, xunto coa violonchelista Laia Terré.



Músicos no Pórtico. Debuxo, ca. 1941. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950)

XVI EDICIÓN

Noites de Música Antiga

EDIFICIO CASTELAO, MUSEO DE PONTEVEDRA

XOVES 16 DE XULLO, ÁS 19 H

LAIA TERRÉ E LORENZO RUPIL

DIÁLOGOS DO SÉCULO XVIII

MUSEO.DEPO.GAL



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

O VIOLONCHELO BARROCO: O INICIO DUN REINADO

En 1740 o abade Hubert Le Blanc publicaba o seu famoso discurso *Défense de la basse de viole contre les entreprises du violon et les prétentions du violoncelle*. Naquela altura a viola de gamba, instrumento dunha expresividade requintada, dificilmente podía xa competir coa axilidade, a potencia de son e a brillantez do violonchelo. Así que, malia esa defensa, o século XVIII vai ser o do asentamento definitivo do violonchelo, e non só como instrumento de continuo, senón tamén notoriamente, como instrumento solista. Autores como Antonio Vivaldi ou Luigi Boccherini, quen ademais era un violonchelista virtuoso, escribiron numerosos concertos para este instrumento, desenvolvendo así a técnica que o convertería en indispensable no repertorio orquestral, e sobre todo camerístico, da segunda metade do século.

O programa de hoxe combina autores de diversa procedencia (Italia, Francia e España), nos que se amosa a maduración da linguaxe solista do violonchelo e a súa expansión por toda Europa, a partir especialmente das achegas dos italianos, como é o caso de Francesco Geminiani e Giovanni Bononcini, ademais doutros compositores como os dous citados anteriormente.

As sonatas de Antoine Dard e Martin Berteau denotan o éxito e a versatilidade que o violonchelo adquirira cara a mediados do século. Significativamente, a Sonata núm. 1 en do maior de A. Dard foi escrita orixinariamente para fagot, e o mesmo compositor advirte na edición de 1759 que, igualmente, podería interpretarse con violonchelo. Pola súa parte M. Berteau comezou a súa carreira como violista de gamba, pero, logo de coñecer en Italia as posibilidades do violonchelo, pasouse a este, ata chegar a ser considerado o gran pioneiro do instrumento entre os músicos franceses contemporáneos. Destacou como intérprete e tamén como compositor a partir da colección de sonatas publicada en 1759.

O programa complétase con dúas obras que ben merecen un comentario polo excepcional da súa presentación. O Manuscrito de Santa María del Pi foi copiado ao redor de 1780 e constitúe un documento excepcional do que foi a vida musical dos salóns da burguesía barcelonesa no século XVIII, e en xeral de España, dada a escasísima produción camerística conservada deste período. Case todas as obras que contén, seis sonatas, son anónimas, agás unha de L. Boccherini. Precisamente, este autor enlaza co último do programa, P. Vidal, pois os dous formaron parte ao redor da década de 1780 da orquestra da condesa-duquesa de Benavente-Osuna, en Madrid, quen sostiña un dos salóns máis relevantes da Ilustración en España. Vidal participaba da vida musical deste salón polo vencello que a casa de Osuna tiña co Real Mosteiro da Encarnación, onde tiña praza de violinista. Como violonchelista tivo un papel relevante na difusión do instrumento e no progreso da súa técnica, e publicou un concerto para violonchelo e un tratado para aprender a tocalo. A outro tratado seu, que permaneceu en manuscrito, *Arte y Escuela del Violonchelo*, é ao que pertence a obra que hoxe se presenta.

Luís Costa Vázquez
Universidade de Vigo

O PROGRAMA

Francesco Geminiani (1687-1762)
Sonata para violonchelo en do maior, op. 5, núm. 3.

Giovanni Bononcini (1670-1747)
Sonata para violonchelo e continuo en la menor.

Antoine Dard (1715-1784)
Sonata para violonchelo en do maior, núm. 1.

Martin Berteau (1691-1771)
Sonata para violonchelo en sol maior, op. 1, núm. 3.

Anónimo (c. 1780)
Sonata para violonchelo, do manuscrito de Santa María del Pi.

Pablo Vidal (¿-1807)
Arte e escola do violonchelo, núm. 28. Duet (Andante).

INTÉRPRETES

Laia Terré, violonchelo

Formouse nos conservatorios de Ámsterdam, Xenebra, Utrecht e Lleida, a súa cidade natal, e actualmente cursa o mestrado en Violonchelo Histórico na Schola Cantorum Basiliensis, con Petr Skalka.

Como violonchelista desenvolve unha intensa carreira centrada no repertorio temperá para este instrumento. Ten actuado con agrupacións tan recoñecidas na interpretación histórica dos estilos barroco e clásico como Les Arts Florissants, Balthasar Neumann Ensemble, Dunedin Consort, Theresia Orchestra, Gli Incogniti Académie ou La Cetra Barockorchester, entre outras. No repertorio máis convencional, forma parte regularmente de orquestras coma a Orquestra Filharmónica de Róterdam, a Orquestra Sinfónica de Anveres, a Orquestra da Suisse Romande ou a Orquestra Sinfónica de Tenerife.

Gañou diversos premios, coma o primeiro premio no XVI Concurso Instrumental Sant Anastasi, e o segundo premio no EMIR Steyerberg Prijs 2020. En 2025 gañou o primeiro premio do concurso de Juventudes Musicales de España, na categoría de música antiga. A violonchelista fai parte do programa Intrada 2025-2026, en virtude do que colabora regularmente con outras agrupacións coma a Orquestra B'Rock, o Concerto Copenhagen, a Orquestra do Século XVIII e o Dunedin Consort.